

tos para o ano 2003, comprenderá desde o día seguinte á data de publicación no «Boletín Oficial del Estado» da Orde ministerial, que desenvolve para o ano 2003 do réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido, ata o 28 de febreiro do ano 2003.

O disposto no parágrafo anterior debe entenderse sen prexuízo das renunciacións previstas no artigo 31.1.b) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e o artigo 33.2, parágrafo terceiro, do Regulamento do imposto sobre o valor engadido.

2. As renunciacións presentadas, para o ano 2003, ós réximes especiais simplificado e da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido, ó réxime de estimación obxectiva ou á modalidade simplificada do réxime de estimación directa do imposto sobre a renda das persoas físicas, durante o mes de decembro de 2002, entenderanse presentadas en período hábil.

Non obstante, os suxeitos pasivos afectados polo disposto no parágrafo anterior, poderán modificar a súa opción no prazo previsto no epígrafe 1 anterior.

Disposición transitoria cuarta. *Dividendos procedentes de sociedades transparentes.*

Non existirá obriga de practicar retención ou ingreso á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas respecto ós dividendos ou participacións en beneficios que procedan de períodos impositivos durante os cales a entidade que os distribúe se atopase en réxime de transparencia fiscal, de acordo co establecido na disposición transitoria primeira da Lei 46/2002, do 18 de decembro, de reforma parcial do imposto sobre a renda das persoas físicas e pola que se modifican as leis dos impostos sobre sociedades e sobre a renda de non residentes.

Disposición derradeira primeira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación oficial e resultará aplicable ós períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2003.

Disposición derradeira segunda. *Retencións e ingresos á conta sobre os rendementos do traballo satisfeitos ou aboados durante o mes de xaneiro de 2003.*

1. Non obstante o disposto na disposición derradeira primeira deste real decreto, as retencións e ingresos á conta que se van practicar sobre os rendementos do traballo que se satisfagan ou aboen durante o mes de xaneiro de 2003, correspondentes ó dito mes, e ós que resulte de aplicación o procedemento xeral de retención a que se refiren os artigos 75.1.1.º e 77 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, deberán realizarse de acordo coas normas de retención vixentes o 31 de decembro de 2002, e, en particular, aplicando a escala de retención prevista no artigo 79.1 do Regulamento do imposto para o dito ano.

2. Nos rendementos que se satisfagan ou aboen a partir do 1 de febreiro de 2003, sempre que non se trate de rendementos correspondentes ó mes de xaneiro, o pagador deberá calculalo tipo de retención aplicable de acordo coas normas vixentes a partir do 1 de xaneiro de 2003, practicándose a regularización deste, se pro-

cede, de acordo co sinalado no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, nos primeiros rendementos do traballo que se satisfaga ou aboe.

Dado en Madrid o 10 de xaneiro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Facenda,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA

1050 *REAL DECRETO 1430/2002, do 27 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de mutualidades de previsión social. («BOE» 15, do 17-1-2003.)*

As entidades de previsión social estaban reguladas por unha normativa sectorial, como era a Lei do 6 de decembro de 1941, diferente da normativa que regulaba a actividade aseguradora. A Lei 33/1984, do 2 de agosto, de ordenación do seguro privado, someteu por primeira vez as mutualidades de previsión social ás disposicións xerais aplicables ás entidades aseguradoras.

A Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, supuxo a plena incorporación das mutualidades de previsión social ó réxime de entidades aseguradoras, consagrando o seu obxecto social como exclusivamente asegurador xunto coa posibilidade de outorgar prestacións sociais, atendendo á especial natureza destas entidades.

A Lei 30/1995 contén a regulación aplicable ás mutualidades de previsión social, e dedícalo o capítulo VII do título II, artigos 64 a 68, a estas entidades aseguradoras, así como o artigo 69, disposición adicional décimo quinta, disposición transitoria quinta e disposicións derradeiras primeira e segunda.

En concreto, o parágrafo terceiro da disposición derradeira segunda da mesma lei contempla a necesidade de desenvolver regulamentariamente todos estes preceptos nunha norma que regule especificamente as mutualidades de previsión social.

Este desenvolvemento regulamentario ten por obxecto recoller aqueles aspectos específicos das mutualidades de previsión social nos que se considera necesario introducir algunha singularidade derivada das características propias deste tipo de entidades, remitíndose nos aspectos comúns ó Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado por Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, para evitar reiteracións innecesarias.

Ademais, tendo en conta o carácter mercantil destas mutualidades, o regulamento reproduce e remítese a algúns preceptos da normativa xeral mercantil, que se consideran aplicables a elas, en particular en relación cos procesos de constitución deste tipo de entidades e réxime de funcionamento dos órganos sociais.

Un dos principios básicos da regulación regulamentaria, xa establecido na Lei 30/1995, do 8 de novembro, é o carácter voluntario, independente e complementario á Seguridade Social obrigatoria deste instrumento de previsión social, sen prexuízo de que, nos supostos previstos na disposición adicional décimo quinta da lei, se estableza a posibilidade de acudir ás mutualidades de previsión social que teñan establecidas os colexios pro-

fesionais como alternativas ó réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos.

O regulamento optou por introducir unicamente unha referencia expresa ós procedementos específicos de incorporación xeral que se contemplan na lei, completando a regulación contida nela, co obxecto de permitir unha máis fácil aplicación dos devanditos procedementos. Agora ben, esta opción non supón, en ningún caso, o establecemento dunha enumeración taxativa dos procedementos voluntarios de incorporación xeral.

O regulamento regula os requisitos fundacionais das mutualidades de previsión social, en particular, os procesos de constitución e contido mínimo dos estatutos, desenvolvendo, así mesmo, o procedemento de acceso á actividade aseguradora, as especialidades propias destas entidades aseguradoras, e iso coa finalidade de clarificarlo réxime de acceso aplicable a elas.

Como procedemento propio das mutualidades de previsión social, regúlanse as condicións aplicables ás entidades que pretenden acollerse ó réxime de ampliación de prestacións.

Dentro das condicións esixibles durante o exercicio da actividade aseguradora, establécense as mesmas garantías de solvencia requiridas para as demais entidades aseguradoras, prevéndose un réxime especial unicamente para aquelas mutualidades que, atendendo á súa especial natureza ou á limitación dos riscos que poden asumir, non requiren o mesmo nivel de esixencia para garanti-la súa estabilidade patrimonial. Así mesmo, faise unha remisión ó réxime xeral aplicable ás entidades aseguradoras en relación coas pólizas, bases técnicas, información ó tomador e protección ó asegurado, destacándose como peculiaridade propia deste tipo de entidades a posibilidade de consignar en regulamentos de prestacións as normas contractuais que rexen a cobertura dos riscos que garanten.

Concrétanse, así mesmo, os requisitos esixibles para que as federacións e a Confederación Nacional de Mutualidades de Previsión Social poidan desenvolver a actividade de prestación de servizos comúns relacionados coa actividade das mutualidades de previsión social.

O regulamento regula detalladamente os dereitos e obrigas dos mutualistas, coa finalidade de dotar de maior seguridade xurídica a relación existente entre a mutualidade e os seus asociados, destacándose o principio de igualdade que rexe no recoñecemento dos seus dereitos políticos, económicos e de información. Defínese igualmente o concepto de entidades ou socios protectores, cun réxime xurídico diferente dos mutualistas, establecéndose o principio de que o socio protector non pode te-lo control efectivo dos órganos sociais.

En canto ós órganos sociais das mutualidades, establécense unha serie de principios xerais que perseguen a participación efectiva dos mutualistas nos ditos órganos de goberno e unha xestión transparente e solvente das mutualidades, debendo ser aplicada con carácter xeral a lexislación mercantil no non previsto expresamente no regulamento.

Regúlanse as competencias de supervisión de acordo coa distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas fixada nos artigos 68, 69 e disposición derradeira primeira da Lei 30/1995.

Así mesmo, considerouse necesario ampliar os actos inscribibles nos rexistros administrativos en relación coas mutualidades de previsión social, incorporándose, respecto á lexislación anterior, aqueles datos que se consideran significativos e que, dado o carácter público do rexistro, permitan documentar as vicisitudes da entidade, para todos aqueles que amosen un interese no seu coñe-

cemento. Tamén se regula o réxime aplicable á inspección, medidas de control especial, infraccións e sancións, así como a revogación, disolución e liquidación deste tipo de entidades.

Finalmente, no réxime transitorio, establécese o mecanismo de adaptación das mutualidades de previsión social ó sistema de capitalización individual e importe das garantías financeiras establecidas neste regulamento fixando, dadas as implicacións patrimoniais que tales medidas poden supoñer nas referidas entidades, un prazo adecuado que permita levar a cabo aquelas. Así mesmo, concréntanse os requisitos esixibles ás federacións de mutualidades de previsión social, que, de acordo co previsto na disposición transitoria quinta da Lei 30/1995, poidan seguir desenvolvendo a súa actividade reaseguradora.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas e demais informes e trámites preceptivos, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2002,

DISPÓN O :

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de mutualidades de previsión social.*

Apróbase o Regulamento de mutualidades de previsión social, para o desenvolvemento e execución do capítulo VII do título II da Lei 30/1995, do 8 de novembro, o texto do cal se insire a seguir.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido no regulamento que se aproba por este real decreto e, en particular, as seguintes:

- a) O Regulamento de entidades de previsión social aprobado por Real decreto 2615/1985, do 4 de decembro.
- b) A Orde do 9 de abril de 1987 pola que se desenvolve o Regulamento de entidades de previsión aprobado polo Real decreto 2615/1985, do 4 de decembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

REGULAMENTO DE MUTUALIDADES DE PREVISIÓN SOCIAL

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto do regulamento. Ámbito subxectivo.*

1. Este regulamento ten por obxecto desenvolver a Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, no referente ás mutualidades de previsión social.

2. Quedan sometidas ós preceptos deste regulamento nos termos previstos nos artigos 68 e 69 da lei:

a) As entidades que, de acordo coa lei e o presente regulamento, realicen as actividades propias dunha mutualidade de previsión social.

b) As persoas físicas ou xurídicas que, baixo calquera título, desempeñen cargos de administración ou dirección das mutualidades de previsión social; os profesionais e entidades que subscriban os documentos previstos na lei e neste regulamento; os liquidadores de mutualidades de previsión social, e aquelas persoas para as que legalmente se estableza algunha prohibición ou mandato en relación co ámbito obxectivo deste regulamento.

Artigo 2. *Concepto.*

1. As mutualidades de previsión social son entidades aseguradoras privadas sen ánimo de lucro que exercen unha modalidade aseguradora de carácter voluntario complementaria ó sistema de Seguridade Social obrigatoria, mediante achegas a prima fixa ou variable dos mutualistas, persoas físicas ou xurídicas, ou doutras entidades ou persoas protectoras.

2. De acordo co previsto na disposición adicional décimo quinta da lei, as mutualidades de previsión social poderán ser ademais alternativas ó réxime da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos.

3. Cando nunha mutualidade de previsión social tódolos seus mutualistas sexan empregados, os seus protectores ou promotores sexan as empresas, institucións ou empresarios individuais nas cales presten os seus servizos e as prestacións que se outorguen sexan unicamente consecuencia de acordos de previsión entre estas e aqueles, entenderase que a mutualidade de previsión social actúa como instrumento de previsión social empresarial.

Artigo 3. *Denominación social.*

1. Na denominación da mutualidade deberá figurar necesariamente a expresión «mutualidade de previsión social», que quedará reservada para estas entidades. Ademais, deberán indicar se son «a prima fixa» ou «a prima variable», ou se operan con ámbolos sistemas.

2. Ningunha entidade poderá adopta-la denominación que veña utilizando outra, que induza a confusión ou que faga alusión a outra actividade distinta da propia aseguradora.

3. A expresión «mutualidade de previsión social» entenderase, para os efectos do disposto no Regulamento do Rexistro Mercantil, como unha indicación da forma social, e poderá ser substituída pola abreviatura «M.P.S.», caso en que figurará necesariamente ó final da denominación.

Artigo 4. *Obxecto social.*

1. O obxecto social das mutualidades de previsión social será, con carácter xeral, o regulado no artigo 11 da lei, tendo en conta o ámbito de cobertura e alcance das prestacións previstos nos artigos 65 da lei e 15 e 16 deste regulamento.

2. Poderán tamén outorgar, logo de autorización administrativa, prestacións sociais. Para estes efectos, enténdese por prestacións sociais as que non se configuren como continxencias aseguradas, por non estaren baseadas na técnica actuarial, sempre e cando non supo-

ñan a asunción de riscos ou responsabilidades por parte da mutualidade e se presten cos requisitos previstos no artigo 64.2 da lei.

3. As mutualidades de previsión social que obtiven a autorización administrativa para a ampliación de prestacións poderán ademais desenvolver-la súa actividade nos termos do artigo 66 da Lei e 18 e 19 deste regulamento.

4. Así mesmo, as mutualidades de previsión social poderán realizar operacións de xestión de fondos de pensións nos termos previstos na lexislación de plans e fondos de pensións.

Artigo 5. *Domicilio social.*

1. O domicilio social das mutualidades de previsión social deberá situarse dentro do territorio español no lugar en que se atope o centro da súa efectiva administración e dirección, ou en que radique o seu principal establecemento ou explotación.

2. As mutualidades de previsión social conservarán a súa documentación no domicilio social que lle comuniquen ó Ministerio de Economía, e este enviará os seus escritos ó devandito domicilio.

3. No inmoible en que radique o domicilio social farase figurar de maneira destacada a denominación social da entidade e, en caso de traslado, deberá anunciarse nun dos diarios de maior circulación da provincia onde a entidade teña o seu domicilio social e noutro diario de ámbito nacional.

Artigo 6. *Voluntariedade de incorporación.*

1. A incorporación dos mutualistas á mutualidade será en todo caso voluntaria.

2. A declaración de incorporación poderá ser individual do solicitante e tamén de carácter xeral.

3. Cando a declaración de incorporación sexa de carácter xeral, procedente de acordos adoptados polos órganos representativos das cooperativas ou dos colexios profesionais, os interesados poderán opoñerse individualmente á súa incorporación á mutualidade. Tal oposición deberá manifestarse expresamente por escrito dirixido á mutualidade no prazo dun mes ou o maior que se autorice no acordo correspondente, desde a comunicación ó interesado do acordo de incorporación, ou desde o momento da colexiación ou incorporación á cooperativa, se tivesen lugar con posterioridade ó acordo de incorporación.

4. Os interesados que non fagan uso do seu dereito de oposición entenderanse incorporados á mutualidade estando suxeitos na súa condición de socios e como tomadores de seguro ou asegurados ó disposto no artigo 28.1 deste regulamento.

De conformidade co anterior, a falta de pagamento da prima polo tomador de seguro producirá os efectos previstos na Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

5. Non serán admisibles límites para o ingreso de mutualistas nas mutualidades de previsión social distintos ós previstos nos seus estatutos.

Artigo 7. *Clases de mutualidades.*

As mutualidades de previsión social clasifícanse en función do réxime de achega en:

a) A prima fixa, cando a cobertura ós mutualistas dos riscos asegurados teña lugar mediante unha prima fixa, pagadoira ó comezo do período de risco.

b) A prima variable, cando a cobertura ós mutualistas dos riscos asegurados teña lugar por conta común mediante o cobro de derramas con posterioridade ós sinistros.

Esta clasificación non exclúe a posibilidade de que unha mesma entidade opere con ámbolos sistemas.

TÍTULO II

Da constitución e da actividade das mutualidades de previsión social

CAPÍTULO I

Dos requisitos fundacionais

Artigo 8. *Do acordo de fundación.*

1. Poderá constituír unha mutualidade de previsión social calquera persoa física ou xurídica, nos termos esixidos pola lei e por este regulamento.

2. As mutualidades de previsión social constituíranse mediante acordo que se adoptará en xunta constituínte. Formarán parte da mutualidade tódolos socios que votasen a favor do acordo de constitución e que terán que ser, polo menos, cincuenta.

3. O acordo de fundación da mutualidade, ademais da vontade de constituíla, terá que recolle-los seus estatutos, os cales respectarán as peculiaridades das mutualidades de previsión social, e os demais extremos ós que se refire o artigo 10 deste regulamento.

4. Os estatutos poderán prever que, ademais das achegas dos socios, a mutualidade poida recibir achegas de entidades ou persoas protectoras, sen adquirirla condición de asociados.

Artigo 9. *Escritura de constitución.*

1. O acordo de fundación da mutualidade a que se refire o artigo anterior formalizarase en escritura pública, que deberá ser inscrita no Rexistro Mercantil. Con esta inscrición adquirirá a súa personalidade xurídica.

2. Na escritura pública de constitución expresaranse:

a) Os nomes, apelidos e a idade dos outorgantes, se estes fosen persoas físicas, ou a denominación ou razón social, se son persoas xurídicas, e, en ámbolos casos, a nacionalidade e o domicilio. Os que teñan condición de mutualistas deberán constar por separado daqueles outros que sexan entidades ou persoas protectoras.

b) A vontade dos outorgantes de fundar unha mutualidade de previsión social.

c) O metálico, os bens ou dereitos que cada mutualista achegue ou se obrigue a achegar, indicando o título en que o faga e a participación no fondo mutual que lle corresponde en contrapartida. Tamén se fará constar, se é o caso, a achega do protector.

d) A contía total, polo menos aproximada, dos gastos de constitución, tanto dos xa satisfeitos como dos que se prevexan ata que aquela quede constituída.

e) Os estatutos que han de rexe-lo funcionamento da mutualidade de previsión social que deberán te-lo contido previsto no artigo 10 deste regulamento.

f) Os nomes, apelidos e a idade das persoas que se encarguen inicialmente da administración e representación da mutualidade de previsión social, se fosen persoas físicas, ou a súa denominación social, se fosen per-

soas xurídicas, e, en ámbolos casos, a súa nacionalidade e domicilio, así como as mesmas circunstancias, se é o caso, dos auditores de contas da mutualidade.

3. Os promotores ou as persoas ás que o acordo fundacional lles autorizase o outorgamento da escritura pública terán as facultades necesarias para a presentación da escritura de constitución no Rexistro Mercantil e, se é o caso, no da Propiedade, así como para solicitar ou practicala liquidación e para face-lo pagamento dos impostos e gastos correspondentes.

4. Os outorgantes deberán presentar a inscrición no Rexistro Mercantil do domicilio social a escritura de constitución no prazo de dous meses contados desde a data do seu outorgamento, e responderán solidariamente dos danos e perdas que causasen polo incumprimento desta obriga.

Artigo 10. *Estatutos.*

1. Os estatutos das mutualidades de previsión social, sen prexuízo do disposto no artigo 24 da lei, deberán conter, en todo caso, os seguintes extremos:

a) A denominación e domicilio social da entidade, axustados ó disposto no artigo 7.5 da lei e nos artigos 3 e 5 deste regulamento.

b) O sometemento da entidade á normativa específica sobre ordenación e supervisión dos seguros privados e disposicións complementarias.

c) O obxecto social da entidade, con mención expresa das operacións de seguro que vaia cubrir e, se é o caso, das prestacións sociais e do resto de actividades permitidas pola lexislación vixente. En caso de que a entidade obtivese autorización de ampliación de prestacións, indícarase o ramo ou ramos nos que obtivese a referida autorización.

d) Ámbito territorial no que desenvolverá a súa actividade.

e) Requisitos obxectivos que deberán reuni-los mutualistas para a súa admisión.

f) Dereitos e obrigas dos mutualistas.

g) Indicación dos socios protectores e obrigas que asuman en relación coa mutualidade.

h) Data de inicio de operacións.

i) Normas para a constitución do fondo mutual, reintegro das achegas dos mutualistas e devengo de xuros por estas.

j) Réxime de responsabilidade dos mutualistas polas débedas sociais, co límite establecido polo artigo 64.3.d) da lei.

k) Consecuencias da falta de pagamento das derramas pasivas e achegas obrigatorias.

l) Regulación dos órganos sociais.

m) Forma en que os mutualistas poden examina-los documentos a que se refire o artigo 32.5 deste regulamento.

n) Normas que deberán aplicarse para o cálculo e distribución das derramas.

ñ) Normas de liquidación de cada exercicio social.

o) Se é o caso, o sometemento dos mutualistas, en canto tales e non como tomadores ou asegurados, á xurisdicción dos tribunais do domicilio social da entidade.

p) A compensación económica que, se é o caso, poderán percibi-los mutualistas por participar na incorporación de novos socios e na xestión das cotas.

q) Indicación, se é o caso, da posibilidade de acorda-la esixencia de derramas pasivas ou a redución de prestacións.

2. Para as mutualidades a prima variable, ademais do establecido no punto anterior, os estatutos deberán regula-la cota de entrada e o fondo de manobra.

3. En ningún caso, o réxime xurídico específico de cada unha das coberturas que outorgue a mutualidade incorporárase ós estatutos sociais. Poderá articularse, a elección da mutualidade, nun regulamento de prestacións ou mediante a emisión de pólizas de seguro ou combinando ámbolos sistemas.

CAPÍTULO II

Acceso á actividade aseguradora

Artigo 11. *Solicitud e autorización administrativa.*

1. A solicitude de autorización de acceso á actividade aseguradora presentárase na Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións unha vez que a mutualidade adquirise personalidade xurídica e deberá ir acompañada dos seguintes documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 6 da lei:

a) Copia autorizada da escritura de constitución debidamente inscrita no Rexistro Mercantil e na que conste a acreditación da efectividade da subscripción e desembolso de, polo menos, a cifra mínima de fondo mutual establecida no artigo 67.2 da lei.

b) Indicación, se é o caso, daqueles socios, entidades ou persoas protectoras que teñan unha porcentaxe superior ó 10 por 100 dos dereitos de voto ou calquera outra posibilidade de exercer unha influencia notable na xestión da mutualidade, debendo xuntarse cuberto o cuestionario establecido para o efecto polo ministro de Economía referido ás condicións de idoneidade previstas no artigo 14 da lei.

c) Descrición detallada daquelas relacións que constitúan vínculos estreitos, de acordo co definido no artigo 8 da lei.

d) Programa de actividades que conteña, polo menos, as indicacións e xustificacións previstas no artigo 12 da lei, e nos artigos 14 deste regulamento e 25 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) Relación dos que, baixo calquera título, leven a dirección efectiva da entidade, debendo xuntarse cuberto o cuestionario establecido para o efecto polo ministro de Economía referido á honorabilidade e ás condicións de cualificación ou experiencia profesionais a que se refire o artigo 15 da lei.

2. A autorización será válida en todo o espazo económico europeo cando se estenda a todo o territorio nacional. Será concedida polo ministro de Economía determinando o ámbito de cobertura, podendo abranger calquera das operacións de seguro previstas no artigo 65 da Lei e 15 e 16 deste regulamento, se ben non permitirá á mutualidade de previsión social exercer no espazo económico europeo actividades en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos, ata que o solicitante obtivese autorización de ampliación de prestacións prevista no artigo 66 da lei e 18 e 19 do presente regulamento; neste caso poderá operar no espazo económico europeo unicamente nos ramos para os que obtivese a referida autorización administrativa.

3. A autorización ou denegación farase por orde ministerial motivada, que porá fin á vía administrativa.

4. Para efectos do disposto no artigo 6.2.d) da lei, ata a concesión da autorización, o fondo mutual man-

terase nos bens previstos no artigo 50, puntos 1 ó 6, 8, 10 e 20 a 22, do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, coas condicións que nel se establecen e cumprindo os requisitos de titularidade do artigo 51 do citado regulamento.

Artigo 12. *Efectos da autorización. Entidades non autorizadas.*

1. A autorización determinará a inscrición no rexistro administrativo de entidades aseguradoras existente na Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, e permitiralles ás mutualidades de previsión social practicar unicamente aquelas operacións de seguro para as que fosen autorizadas, debendo axustalo seu réxime de actuación ó programa de actividades e demais requisitos determinantes da concesión da autorización.

2. En todo o demais, o réxime de autorización administrativa das mutualidades de previsión social axustárase ó previsto para as restantes entidades aseguradoras.

3. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderalle requirir a calquera persoa física ou xurídica que, sen ter obtida a preceptiva autorización, realice operacións propias das mutualidades de previsión social para que cese inmediatamente no exercicio da dita actividade, e acorda-la publicidade que considere necesaria para información ó público, sen prexuízo do previsto no artigo 5.2 da lei.

Artigo 13. *Ampliación de actividade e modificación da documentación achegada.*

1. A ampliación de actividade, no ámbito de cobertura previsto no artigo 65 da lei e 15 e 16 deste regulamento, a outras operacións de seguro distintas das autorizadas, ou que lle permita á mutualidade de previsión social exercer-la súa actividade nun territorio de ámbito superior ó inicialmente autorizado, requirirá autorización administrativa.

Non será necesaria a dita autorización para aquelas entidades, que estando autorizadas a cubrir algunha das contingencias enumeradas no parágrafo a) do artigo 15.1 deste regulamento, pretendesen amplia-la súa actividade a outras das contingencias citadas no mencionado punto.

Para a obtención da autorización, a entidade aseguradora deberá remiti-la documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 6.3. da lei e achegará certificación do acordo adoptado polo órgano social competente.

2. As modificacións da documentación que servise de base para o outorgamento da autorización administrativa de acceso á actividade aseguradora notificaránselle á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, remitindo, se é o caso, certificación íntegra dos acordos dos órganos sociais competentes dentro dos dez días seguintes á aprobación da acta correspondente.

No prazo máximo dun mes, contado desde a data do seu outorgamento, remitiráselle á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións copia autorizada da escritura de elevación a públicos de tales acordos, cando iso proceda, acreditándose a súa presentación no Rexistro Mercantil. Unha vez inscrita nel, xustificárase a dita inscrición no prazo dun mes desde que se producise.

As modificacións da documentación achegada que determinen que a entidade aseguradora deixe de cumprir algún dos requisitos establecidos na lei e neste Regulamento para o outorgamento da autorización adminis-

trativa darán lugar ó inicio do procedemento administrativo de revogación, sen prexuízo do posible trámite de emenda previsto no artigo 25.3 da lei.

Artigo 14. *Programa de actividades.*

1. O programa de actividades, ademais das indicacións recollidas no artigo 12.1 da lei, deberá conter referencia expresa ós seguintes puntos:

a) As continxencias e operacións de seguro que preteño cubrir, así como as condicións, as características dos produtos e as prestacións económicas que se garantan.

b) Os principios rectores en materia de reaseguro.

c) As razóns, causas e obxectivos do proxecto que se presenta.

d) A publicidade e os sistemas de distribución nos termos establecidos polo artigo 64.3.f) da lei.

e) O organigrama funcional e operativo da empresa.

f) As previsións relativas ós gastos de instalación dos servizos administrativos e da rede de produción, se é o caso.

g) Os medios financeiros destinados a facer fronte ós gastos en que se incorra como consecuencia do número precedente.

h) Os elementos constitutivos do fondo de garantía mínimo.

2. O programa de actividades, ademais, para os tres primeiros exercicios sociais deberá facer mención:

a) Ás previsións relativas ós gastos de administración, incluída a remuneración ós administradores, e ós gastos de adquisición, incluídos nestes últimos os de mantemento de negocio, de conformidade co disposto no artigo 64.3.i) da lei e 41 deste regulamento.

b) Ás previsións relativas ás primas ou cotas e ós sinistros.

c) Á situación probable de tesourería.

d) Ás previsións relativas ós medios financeiros destinados á cobertura dos compromisos e da marxe de solvencia.

3. Cando a mutualidade cubra as operacións de seguro de enfermidade, defensa xurídica, asistencia e defunción como prestación do servizo de enterramento deberá ademais achega-la documentación prevista no artigo 25 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

4. A execución do programa de actividades axustarase ó disposto no artigo 26 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

CAPÍTULO III

Ámbito de cobertura e prestacións

SECCIÓN 1.^a RÉXIME XERAL

Artigo 15. *Previsión de riscos sobre as persoas.*

1. Na previsión de riscos sobre as persoas, as mutualidades de previsión social poderán realiza-las seguintes operacións de seguro:

a) A cobertura das continxencias de morte, viuvez, orfandade e xubilación, en forma de capital ou renda, así como o outorgamento de prestacións por razón de matrimonio, maternidade e fillos.

b) A cobertura das continxencias de accidentes e invalidez para o traballo, enfermidade, defensa xurídica, asistencia e defunción como prestación do servizo de enterramento ou reembolso de gastos polo mesmo concepto.

As operacións de seguro de invalidez para o traballo e enfermidade poderán comprender indistintamente a cobertura de incapacidade temporal.

c) O outorgamento de prestacións para custear necesidades motivadas por feitos ou actos xurídicos que impidan temporalmente o exercicio da profesión.

2. As prestacións económicas que se garantan non poderán exceder dos límites previstos no artigo 65 da lei.

Artigo 16. *Previsión de riscos sobre as cousas.*

1. Na previsión de riscos sobre as cousas serán susceptibles de ser asegurados os danos causados polos riscos contemplados nos ramos 8 «incendio e elementos naturais» e 9 «outros danos ós bens» da disposición adicional primeira da lei sobre os seguintes bens:

a) Vivendas de protección oficial e outras de interese social conforme a lexislación reguladora delas. Será requisito necesario para o seu aseguramento estaren habitadas polo propio mutualista e a súa familia.

b) Maquinaria, bens e instrumentos de traballo de mutualistas que sexan pequenos empresarios, entendéndose incluídos os locais nos que desenvolvan a súa actividade. Para estes efectos, entenderase por pequenos empresarios os traballadores autónomos por conta propia e os profesionais e empresarios, incluídos os agrícolas, que non empreguen máis de cinco traballadores.

c) Colleitas de leiras cultivadas directa e persoalmente polo agricultor, sempre que a súa cobertura non estea comprendida no plan anual de seguros agrarios combinados, así como os gandos integrados na unidade de explotación familiar.

2. As prestacións económicas que se garantan non poderán exceder do valor real dos bens referidos no punto anterior.

Artigo 17. *Compatibilidade de prestacións.*

1. Unha mesma mutualidade poderá realiza-la totalidade ou parte das operacións de seguro mencionadas nos dous artigos anteriores, sempre que estean comprendidas no ámbito da autorización concedida e os seus estatutos o asuman expresamente.

2. As prestacións das mutualidades de previsión social serán compatibles e totalmente independentes dos dereitos que lles poidan corresponder ós mutualistas ou beneficiarios como consecuencia da súa inclusión en calquera dos réximes obrigatorios da Seguridade Social.

As prestacións dispensadas como entidades alternativas serán incompatibles coas establecidas no réxime especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos.

SECCIÓN 2.^a RÉXIME DE AMPLIACIÓN DE PRESTACIÓNS

Artigo 18. *Procedemento de obtención de autorización administrativa para a ampliación de prestacións.*

1. O procedemento da obtención de autorización administrativa para a ampliación de prestacións será tra-

mitada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, para o cal se xuntará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 66.2 da lei.

2. A autorización será competencia do ministro de Economía e concederáse por ramos, abrangendo o ramo completo e a cobertura dos riscos accesorios del, tratándose de ramos de seguro distintos ó de vida, ou comprendendo o ramo de vida e os seus complementarios, se a autorización se concede para o ramo de vida.

3. En todo o demais, a autorización administrativa de ampliación de prestacións axustarase ó réxime xeral de autorización administrativa previa para o exercicio da actividade aseguradora.

Artigo 19. *Ampliación de prestacións.*

1. As mutualidades de previsión social que obtivesen a autorización administrativa para a ampliación de prestacións poderán operar nos ramos nos que obtivesen a dita autorización nos mesmos termos que as mutuas de seguros a prima fixa, e non estarán suxeitas nos ditos ramos ós límites cualitativos e cuantitativos impostos nos puntos 1 e 2 do artigo 65 da Lei e 15 e 16 deste regulamento, nin ás limitacións previstas no artigo 64.3.h) da lei e 42 deste regulamento.

2. Para os efectos do previsto no punto 4 do artigo 66 da Lei 30/1995, cando unha mutualidade de previsión social obtivese a autorización administrativa para ampliar prestacións no ramo de vida, poderá continuar realizando, se é o caso, as operacións previstas no artigo 15.1, parágrafos b) e c), así como as de previsión de riscos sobre as cousas previstas no artigo 16 deste regulamento. Ademais, poderá realiza-la cobertura de riscos complementarios do ramo de vida e, logo de obtención da autorización administrativa correspondente, poderá realizar operacións nos ramos de accidentes e enfermidade.

3. Cando a mutualidade de previsión social obtivese a autorización administrativa para ampliar prestacións en calquera ramo distinto ó de vida, poderá continuar realizando as operacións de previsión de riscos sobre as persoas que autoriza o punto 1 do artigo 65 da lei e 15 deste regulamento e poderá solicitar autorización administrativa para estende-la súa actividade a outros ramos non vida distintos dos autorizados.

Se só está autorizada para os riscos comprendidos nos ramos de accidentes e enfermidade, poderá operar no ramo de vida se obtén a correspondente autorización administrativa.

CAPÍTULO IV

Condicións para o exercicio da actividade aseguradora

Artigo 20. *Provisións técnicas.*

1. As mutualidades de previsión social terán a obriga de calcular e contabilizar, se é o caso, as seguintes previsións técnicas: provisión de seguros de vida, de participación en beneficios e para extornos, de primas non consumidas, de riscos en curso, de prestacións, de estabilización, do seguro de decesos e do seguro de enfermidade.

2. As previsións anteriores calcularanse de acordo co disposto no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Artigo 21. *Marxe de solvencia.*

As mutualidades de previsión social deberán dispoñer en cada exercicio económico dun patrimonio propio non comprometido suficiente para cubri-la contía mínima da marxe de solvencia, aplicando o disposto nos artigos 61 e 62 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Non obstante, para as mutualidades que non operen por ramos, por non teren obtida autorización para ampliación de prestacións nos termos do artigo 66 da lei, a citada contía mínima será de tres cuartas partes do importe resultante de aplica-los mencionados artigos, tendo en conta, para estes efectos, que se asimilarán os riscos previstos no artigo 15.1.a) deste regulamento ó ramo de vida e os previstos no artigo 15.1.b) e c) e 16.1. deste regulamento ó resto de ramos.

Para as mutualidades que prevexan nos seus estatutos a posibilidade de realizar derramas de cotas ou de reduci-las prestacións e o importe anual de cotas devengadas non supere os 5.000.000 de euros durante tres anos consecutivos, a fracción de marxe de solvencia a que se refire o parágrafo primeiro reducirase á metade. Se a cifra de cotas sinalada se superase durante tres anos consecutivos, a partir do cuarto exercicio a relación será das tres cuartas partes.

Para as mutualidades a que se fai referencia no segundo parágrafo, punto 3, da disposición transitoria quinta da lei, a marxe de solvencia esixida será da cuarta parte.

Para as mutualidades que operen nos riscos comprendidos no artigo 15.1.b) deste regulamento, que prevexan nos seus estatutos a posibilidade de realizar derramas de cotas ou de reducir prestacións ou contén con socios protectores que se comprometan a asumir, no caso que sexa necesario, os compromisos das mutualidades cos seus asegurados, e o importe anual de cotas devengadas non supere 60.000 euros durante tres anos consecutivos, a contía mínima da marxe de solvencia determinarase polo 10 por 100 das cotas ou achegas netas de anulacións e de reaseguro. Se a cifra de cotas sinalada se superase durante tres anos consecutivos, a partir do cuarto exercicio, estas mutualidades pasarían ó réxime establecido nos puntos anteriores.

Artigo 22. *Fondo de garantía.*

A terceira parte da contía mínima da marxe de solvencia constitúe o fondo de garantía, que non poderá ser inferior ás contías mínimas absolutas previstas no artigo 18 da lei. Para estes efectos, para as mutualidades que non operen por ramos por non teren obtida ampliación do límite de prestacións económicas, será de aplicación o disposto no artigo 67 da lei.

Artigo 23. *Fondo de manobra.*

As mutualidades a prima variable deberán dispoñer dun fondo de manobra que non será inferior ó 150 por 100 do importe medio da sinistralidade, incluíndo os gastos das prestacións, do último trienio. O fondo de manobra calcularase por diferenza entre os activos que poidan facerse líquidos nun tempo inferior a un mes, incluíndo a tesourería, e os pasivos ós que lles hai que facer fronte no mesmo período, considerando a provisión

para prestacións. Do cálculo anterior excluíranse, en todo caso, as partidas do activo do balance relativas a investimentos materiais.

Artigo 24. *Obrigas contables.*

1. A contabilidade das operacións das mutualidades deberá levarse de forma separada para as operacións a prima variable respecto das operacións a prima fixa, en caso de que a mutualidade de previsión social opere en ámbolos sistemas. Igualmente, deberán levarse separadamente as operacións de previsión a que se refire o artigo 66 da lei e as prestacións sociais que se outorguen ó abeiro do previsto no punto 2 do seu artigo 64 e punto 2 do artigo 4 deste regulamento.

2. A contabilidade axustarase ás normas contidas no Plan de contabilidade das entidades aseguradoras, aprobado polo Real decreto 2014/1997, do 26 de decembro, e nas disposicións que o desenvolvan, tendo en conta, no non establecido neste artigo, as obrigas dispostas para as entidades aseguradoras recollidas no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, así como as normas establecidas no Código de comercio. No seu defecto, serán aplicables o Plan Xeral de Contabilidade e as demais disposicións en materia contable.

Artigo 25. *Rexistros contables.*

1. As mutualidades levarán os libros de contabilidade esixidos polo Código de comercio e outras disposicións que lles sexan de aplicación, incluíndo con carácter obrigatorio o libro maior, que recollerá, para cada unha das contas, os cargos e aboamentos que nelas se realicen, debendo concordar en todo momento coas anotacións realizadas no libro diario, así como os rexistros que se recollen a continuación:

a) De contas. Deberá recolle-las contas utilizadas pola entidade para o reflexo das súas operacións no libro diario, con desagregacións en subcontas, así como as principais relacións contables relativas a elas en canto non estean definidas no Plan de contabilidade das entidades aseguradoras. En concreto, especificaranse as utilizadas para o fondo social e a realización de prestacións sociais, así como as súas principais relacións contables.

b) De pólizas e suplementos emitidos e anulacións, e de regulamentos de prestacións e as súas modificacións. Este rexistro deberá conter os datos relevantes de cada póliza de seguro ou suplemento en relación cos seus elementos persoais, características do risco cuberto e condicións económicas do contrato. Por cada regulamento, o rexistro deberá conter numeración correlativa de mutualistas ou, se é o caso, asegurados, e poderán comprender varias series segundo os criterios de clasificación utilizados.

Cando se produza a anulación dunha póliza, suplemento ou regulamento farase constar tal circunstancia e a súa data nos rexistros afectados.

c) De sinistros. Os sinistros rexistraranse tan pronto sexan coñecidos pola entidade, debendo atribuírse-lles unha numeración correlativa, por orde cronolóxica, dentro de cada unha das series que se establezan conforme os criterios de clasificación de sinistros que utilice a mutualidade, atendendo á natureza do risco.

A información que, como mínimo, debe conter este rexistro referirase á póliza ou regulamento de prestacións dos que procede cada sinistro, datas de ocorrencia e declaración, e, se é o caso, valoración inicial asignada, pagamentos ou consignacións posteriores, con indica-

ción separada dos recobros que se producen, provisión constituída ó comezo do exercicio, provisión ó peche do período, data da última valoración do sinistro, e os pagamentos e a provisión por conta do reaseguro.

d) De cálculo das provisións técnicas. Para cada unha das provisións técnicas, levaranse separadamente os rexistros de cada mutualista correspondentes ó seguro directo e ó reaseguro cedido.

O rexistro de cada mutualista levarase de tal maneira que permita establecer unha correlación e integración áxil e sinxela entre o importe das provisións técnicas individualizadas e os elementos persoais que definen o risco cuberto establecidos no rexistro de pólizas, regulamentos e suplementos emitidos.

e) De investimentos. Este inventario comprenderá tódolos datos necesarios para unha adecuada xestión dos investimentos conforme as características de cada activo.

f) De estados de cobertura de provisións técnicas e de marxe de solvencia. Os estados obxecto deste rexistro deberán elaborarse polo menos con periodicidade trimestral e conterán tódolos datos necesarios para o cálculo e cobertura das provisións técnicas e da marxe de solvencia.

g) De contratos de reaseguro cedido e, no caso de ampliación de prestacións prevista no artigo 66 da Lei e 18 e 19 deste regulamento, de reaseguro aceptado. Este rexistro comprenderá os datos identificativos de cada un dos contratos de reaseguro celebrados pola entidade, separando os de reaseguro aceptado e os de reaseguro cedido, e distinguindo en seccións diferentes os datos identificativos dos tratados obrigatorios e os das cesións ou aceptacións facultativas.

Para cada contrato recolleranse os datos relevantes sobre os elementos persoais, características dos riscos reasegurados, condicións da cobertura en reaseguro e tódalas circunstancias do contrato con incidencia económica.

2. Os rexistros a que se refire o punto anterior poderán conservarse en soportes informáticos.

3. As mutualidades levarán e conservarán os libros, rexistros, correspondencia, documentación e xustificantes concernentes á súa actividade debidamente ordenados, nos termos establecidos pola lexislación mercantil.

4. Os libros e rexistros mencionados neste artigo non poderán levarse cun atraso superior a tres meses.

5. O ministro de Economía poderá dictar normas de levanza e especificacións técnicas dos libros e rexistros ós que se refire este artigo.

Artigo 26. *Exercicio económico e contas técnicas.*

O exercicio económico das mutualidades coincidirá co ano natural. As mutualidades deberán elaborar, polo menos trimestralmente, un balance, as contas técnicas e non técnicas de resultados, un estado de cobertura de provisións técnicas e un estado de marxe de solvencia. As contas técnicas de resultados e os estados de cobertura de provisións técnicas e de marxe de solvencia referiranse por separado ós riscos de vida e ós riscos distintos do de vida.

Artigo 27. *Informacións estatístico-contables e auditorías.*

1. As mutualidades deberán remitir á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións as contas anuais e o informe de xestión, a información estatístico-contable

referida ó exercicio económico e, se é o caso, os informes de auditoría de contas anuais e complementario e o informe da comisión de control financeiro, se a houbese. A información estatístico-contable anual incluírá datos referentes ó balance, conta de perdas e ganancias xeral e por ramos, ou, se é o caso, por riscos, cobertura de provisións técnicas, marxe de solvencia, fondo de garantía e aqueloutros extremos que permitan analiza-la información contida nos estados anteriores. A remisión das contas anuais realizarase simultaneamente á da información estatístico-contable anual, a cal se axustará ós modelos aprobados polo ministro de Economía, e remitirase antes do 10 de xullo do ano seguinte a aquel ó que se refiran.

As mutualidades obrigadas a formular contas consolidadas deberán remitir á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións as contas anuais consolidadas e o informe de xestión, a información estatístico-contable consolidada e os informes xeral e complementario de auditoría. A información estatístico-contable incluírá datos referentes ó balance consolidado, conta de perdas e ganancias consolidada xeral e por ramos, cobertura de provisións técnicas do grupo, marxe de solvencia consolidada e aqueloutros extremos que permitan analiza-la información contida nos estados anteriores. A remisión das contas anuais consolidadas realizarase simultaneamente á da información estatístico-contable anual consolidada, a cal se axustará ós modelos aprobados polo ministro de Economía, e remitirase antes do 10 de xullo do ano seguinte a aquel ó que se refiran.

Ademais, están obrigadas a remitir información estatístico-contable trimestral as mutualidades que se encontren nalgunha das seguintes circunstancias:

a) Que as cotas devengadas no exercicio superen a cifra dun millón douscentos mil euros. A obriga anterior só cesará cando deixe de alcanzarse o referido límite durante dous exercicios seguidos.

b) Que operen nos riscos de vida previstos no artigo 15.1.a) deste regulamento ou nos ramos de vida, caución, crédito ou en calquera dos tipos de responsabilidade civil.

c) Que se encontren sometidas a procedemento administrativo de adopción de medidas de control especial, cando así o requira a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, de disolución ou de revogación da autorización administrativa, ou ben se encontren en período de liquidación non asumida polo Consorcio de Compensación de Seguros.

En todo caso, as mutualidades non obrigadas a remitir información estatístico-contable trimestral deberán remitir con esa mesma periodicidade o balance, a conta de perdas e ganancias e os estados de cobertura de provisións técnicas e de marxe de solvencia.

Así mesmo, as mutualidades obrigadas dos grupos consolidables de entidades aseguradoras deberán remitir semestralmente a información estatístico-contable correspondente ó dito período.

Toda a información estatístico-contable referida ó período inferior ó ano deberá remitirse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións dentro dos dous meses seguintes ó termo do período ó que corresponda.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá solicitar aclaración sobre a documentación recibida co obxecto de obter a información prevista neste precepto.

En todo caso, deberán remitir a información estatístico-contable consolidada conforme o disposto no punto anterior as entidades aseguradoras domiciliadas no terri-

torio español dominantes dun grupo consolidable de entidades aseguradoras que sexan dominadas por outras entidades domiciliadas noutro estado pertencente ó espazo económico europeo.

2. As contas anuais das mutualidades de previsión social deberán ser revisadas polos auditores de contas, nos termos establecidos na Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, e no Regulamento que a desenvolve, aprobado polo Real decreto 1636/1990, do 20 de decembro.

Ademais de nos casos previstos nas disposicións citadas no parágrafo anterior, as contas anuais das mutualidades de previsión social deberán tamén someterse á mesma auditoría cando concorran algunha das circunstancias a que se refire no punto 1 precedente deste artigo en relación coas entidades que deben remitir información estatístico-contable trimestral.

As contas anuais consolidadas deberán ser revisadas polos auditores de contas en todo caso.

Artigo 28. *Pólizas, regulamentos de prestacións, bases técnicas, información e protección do asegurado.*

1. A relación xurídica entre as mutualidades de previsión social e os seus socios derivada da condición destes como tomadores do seguro ou asegurados rexerá polo disposto na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, e demais normas que regulan a actividade aseguradora.

2. As mutualidades de previsión social poderán optar por emitir pólizas ou por consignar en regulamentos de prestacións as normas contractuais complementarias da Lei de contrato de seguro que rexen a cobertura dos riscos que garanten. En ámbolos casos, será de aplicación o réxime regulador do contrato de seguro aplicable a calquera entidade aseguradora.

3. En caso de que se utilicen regulamentos de prestacións, estes deberán destacar de modo especial as cláusulas limitativas dos dereitos dos asegurados, que se considerarán aceptadas ó aprobarse o correspondente regulamento.

4. En materia de pólizas, bases técnicas, tarifas, información ó tomador e protección do asegurado será de aplicación ás mutualidades de previsión social o disposto nos artigos 24 e 59 a 63 da lei e nos artigos 76 a 80 e 104 a 109 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Artigo 29. *Cesión de carteira, transformación, fusión, escisión e agrupacións.*

1. En materia de cesión de carteira aplicaráselles ás mutualidades de previsión social o réxime establecido polo artigo 22 da lei e o artigo 70 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

2. Á transformación, fusión, escisión e constitucións de agrupacións de interese económico e unións temporais de empresas por parte de mutualidades de previsión social aplicaráselle-lo réxime contido no artigo 23 da lei e nos artigos 71 a 74 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

3. Para efectos da cesión de carteira, fusión e escisión, entenderase que constitúe un ramo de seguro diferenciado a totalidade das contingencias e prestacións previstas no artigo 15.1.a) deste regulamento. Polo contrario, cada unha das operacións de seguro comprendidas no artigo 15.1.b) e c) e no artigo 16.1. deste regu-

lamento entenderase que constitúe un ramo de seguro diferenciado.

CAPÍTULO V

Confederación Nacional e federacións de mutualidades de previsión social

Artigo 30. *Prestación de servicios comúns.*

A Confederación Nacional ou as federacións de mutualidades de previsión social que pretendan prestar servicios comúns ás mutualidades de previsión social deberán ser autorizadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Para tales efectos, presentarán a solicitude de autorización na citada dirección xeral á que se lle xuntarán os seguintes documentos:

- a) Estatutos vixentes da Confederación Nacional de Mutualidades de Previsión Social ou, se é o caso, das federacións de mutualidades de previsión social; no seu obxecto social ha de figura-la prestación de servicios comúns relacionados coa actividade aseguradora.
- b) Información acerca das mutualidades de previsión social implicadas.
- c) Descrición do servicio ou servicios que se pretenden prestar.
- d) Memoria detallada das actividades que se teñan que realizar.

TÍTULO III

Dos mutualistas e protectores

Artigo 31. *Condición de mutualista.*

1. A condición de tomador do seguro ou de asegurado será inseparable da de mutualista, na forma establecida polo artigo 64.3.b) da lei.

2. Cando non coincidan na mesma persoa as características de tomador do seguro e de asegurado, a condición de mutualista adquiriráa o tomador do seguro, agás que nos estatutos, no regulamento de prestacións ou na póliza de seguro se faga constar expresamente que debe selo o asegurado.

3. A incorporación de mutualistas a unha mutualidade poderá facerse:

- a) Pola propia mutualidade.
- b) A través dos mutualistas, neste caso poderán percibir unha compensación económica fixada estatutariamente.
- c) Mediante a actividade da mediación en seguros privados.

Artigo 32. *Dereitos e obrigas dos mutualistas.*

1. Tódolos mutualistas terán os mesmos dereitos políticos, económicos e de información, sen prexuízo de que as achegas e prestacións garden a relación estatutariamente establecida coas circunstancias que concurran en cada un deles.

2. Os dereitos políticos dos mutualistas responderán ó principio de igualdade. Cada mutualista terá un voto. Todos terán o carácter de elector e elixible para os cargos sociais, sempre que estean ó corrente das súas obrigas sociais, así como o dereito a participar no goberno da mutualidade a través dos seus órganos sociais, todo iso na forma que establezan os estatutos.

3. Son dereitos económicos dos mutualistas os seguintes:

- a) Percibir xuros ás súas achegas ó fondo mutual, se así o dispoñen os estatutos, así como o reintegro delas, salvo que fosen consumidas en cumprimento da súa función específica e sempre con deducción das cantidades que debese á entidade.
- b) O cobro das derramas activas que se acorden.
- c) Participar na distribución do patrimonio en caso de disolución, conforme o artigo 11.1.d) do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

4. Os mutualistas poderán solicita-la verificación contable das contas sociais dun determinado exercicio debendo efectuarse, en todo caso, cando o insten por escrito o 5 por 100 dos que houbese o 31 de decembro último, sempre que non transcorresen tres meses contados desde a data de peche do dito exercicio e non fose preceptiva a auditoría de contas.

5. En virtude do dereito de información:

a) Os mutualistas poderán solicitar por escrito, con anterioridade á celebración de cada asemblea xeral, os informes ou aclaracións que estimen precisos acerca dos asuntos comprendidos na orde do día. Os administradores estarán obrigados a llelos proporcionar, salvo nos casos en que, a xuízo do presidente, a publicidade dos datos solicitados prexudique os intereses sociais. Esta excepción non procederá cando a solicitude estea apoiada por, polo menos, a cuarta parte de mutualistas.

b) Cando a orde do día prevexa someter á asemblea xeral a aprobación das contas do exercicio económico ou calquera outra proposta económica, as contas anuais e os informes de auditoría e da comisión de control, se é o caso, así como os documentos que reflictan a citada proposta económica, deberán estar postos á disposición no domicilio social da mutualidade, para que poidan ser examinados polos mutualistas, na forma que estatutariamente se estableza, desde a convocatoria ata a celebración. Os mutualistas durante o prazo establecido poderán solicitar por escrito á xunta directiva as explicacións ou aclaracións que estimen convenientes para que sexan contestadas no acto da asemblea xeral.

6. Os mutualistas deberán cumprilas obrigas que sinala tanto a lei como este regulamento e as establecidas nos estatutos sociais e, en particular, as seguintes:

- a) Cumprilos acordos validamente adoptados polos órganos da mutualidade.
- b) Satisfacerlo importe das derramas pasivas e demais obrigas económicas estatutariamente establecidas.
- c) Os mutualistas que causen baixa serán responsables nos termos establecidos no artigo 11.1.b) e c) do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados e nos estatutos, e coa limitación do artigo 64.3.d) da lei, polas obrigas contraídas pola mutualidade con anterioridade á data en que a baixa produza efecto conforme o punto 2 do artigo 11 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Artigo 33. *Das entidades ou persoas protectoras.*

Son entidades ou persoas protectoras as persoas físicas ou xurídicas que participen na constitución, fomento, mantemento, desenvolvemento, asesoramento ou financiamento dunha mutualidade de previsión social, realizando, se é o caso, achegas, sexan ou non ó fondo mutual.

O réxime das persoas ou entidades protectoras será determinado nos estatutos. Poderán participar nos órganos sociais se así o establecen os estatutos, sen que en ningún caso poidan alcanzar un número de votos que supoña o control efectivo do órgano social.

TÍTULO IV

Dos órganos sociais

CAPÍTULO I

Réxime e órganos sociais

Artigo 34. *Réxime dos órganos sociais.*

As mutualidades de previsión social axustarán o seu funcionamento e, en particular, a composición e competencias dos órganos rectores ás disposicións deste regulamento ó previsto nos artigos 15 ó 21 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, ós seus estatutos e, supletoriamente, ó disposto na normativa aplicable ás sociedades anónimas.

Artigo 35. *Órganos sociais das mutualidades de previsión social.*

Os órganos de goberno das mutualidades de previsión social son a asemblea xeral e a xunta directiva, con estas ou outras denominacións, sen prexuízo de que os estatutos poidan, ademais, prever outros.

Das sesións dos órganos previstos no parágrafo anterior levantarase acta no correspondente libro de actas que deberá levarse nos mesmos termos que establece o artigo 15.2 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Os estatutos das mutualidades deberán conter normas concretas para garantir unha participación efectiva dos mutualistas no goberno da entidade, tendo en conta o tipo de colectivo a que pertencen, sectores económicos en que desenvolvan a súa actividade ou outras circunstancias análogas.

CAPÍTULO II

Da asemblea xeral

Artigo 36. *Asemblea xeral: composición e facultades.*

1. A asemblea xeral debidamente constituída na forma que determinen os estatutos é a reunión dos mutualistas para deliberar e tomar acordos como órgano supremo de expresión da vontade social nas materias que lle atribúe a lei, este regulamento e os estatutos da mutualidade.

2. É competencia da asemblea xeral o debate de tódolos asuntos propios da mutualidade. As competencias que correspondan á asemblea xeral en virtude deste artigo son indelegables, sendo preceptivo o acordo dela para:

- a) Nomear ou ratificar e revoga-los membros da xunta directiva.
- b) Aprobala contas anuais e a aplicación do resultado.
- c) Acordar novas achegas obrigatorias ó fondo mutual, e igualmente acorda-lo reintegro das achegas do fondo mutual segundo o previsto no artigo 11.1.b)

do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

- d) Modifica-los estatutos sociais.
- e) Acorda-la cesión de carteira, fusión, escisión, transformación e disolución da mutualidade nos termos dos artigos 22, 23 e 26 da lei e concordantes do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.
- f) Exerce-la acción de responsabilidade fronte ós membros da xunta directiva.
- g) Todos aqueles acordos en que así se esixan pola lei, por este regulamento ou polos estatutos.
- h) Nomeamento de auditores e, se é o caso, a elección dos membros da comisión de control financeiro.
- i) Aprobar e modifica-los regulamentos de prestacións en caso de que a mutualidade optase pola utilización deles para documenta-las normas contractuais que rexen a cobertura dos riscos que garantan.
- j) Acorda-la redución de prestacións naquelas mutualidades nas que así o prevexan os seus estatutos.

Artigo 37. *Participación das entidades ou persoas protectoras na asemblea xeral.*

As entidades ou persoas protectoras poderán participar na asemblea xeral se así o establecen os estatutos, sen que en ningún caso poidan alcanzar un número de votos que supoña o control efectivo dese órgano social.

Artigo 38. *Réxime de funcionamento.*

1. No non previsto expresamente no presente regulamento, o réxime de convocatoria, constitución, lexitimación para asistir, celebración, dereito de información, adopción e impugnación de acordos sociais, das mutualidades de previsión social axustaranse ó previsto no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados para as mutuas de seguros e, subsidiariamente, ós artigos 93 a 122 da Lei de sociedades anónimas e correlativos preceptos do Regulamento do Rexistro Mercantil, entendéndose feitas á asemblea xeral e á xunta directiva as referencias que nas ditas normas se fan á xunta xeral e ó consello de administración.

2. Malia o anterior, no réxime de funcionamento da asemblea xeral previsto nos estatutos das mutualidades de previsión social observaranse as seguintes peculiaridades:

- a) As mencións á participación no capital social, sexa xenericamente, sexa a capital subscrito ou a capital desembolsado, entenderanse feitas en tódolos casos a número de mutualistas.
- b) Non será necesaria a publicación do anuncio de convocatoria no «Boletín Oficial del Registro Mercantil».
- c) Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá mediar, polo menos, unha hora de diferenza, non sendo de aplicación o disposto no punto 2 do artigo 98 da Lei de sociedades anónimas.
- d) Cando na convocatoria da asemblea xeral figure na orde do día a adopción de acordos que supoñan a modificación dos dereitos dos mutualistas como asegurados, deberá convocarse individualmente a aqueles mutualistas ós que afecte o acordo, debendo acompañarse xunto coa convocatoria o texto dos regulamentos de prestacións ou dos acordos que vaian ser sometidos a aprobación, así como un informe xustificativo emitido pola xunta directiva.

En caso de que os acordos que se vaian adoptar afecten as expectativas de dereitos dun determinado grupo de mutualistas, incluíndo aqueles que pasasen a te-la condición de beneficiarios, o acordo haberá de adoptarse pola maioría dos afectados.

e) Non serán admisibles as limitacións dos dereitos de asistencia e voto recollidas nos artigos 104 e 105 da Lei de sociedades anónimas. Os estatutos sociais conterán a previsión do modo de acreditar a condición de mutualista con anterioridade á celebración da asemblea xeral.

f) As asembleas xerais celebraranse na localidade onde a mutualidade teña o seu domicilio social, agás que os estatutos prevegan que, por razóns xustificadas, se poidan celebrar noutro ou noutros lugares.

g) Salvo disposición contraria dos estatutos, os mutualistas poderán facerse representar na asemblea xeral por medio doutra persoa, que deberá reunir necesariamente a condición de mutualista. Os estatutos sociais poderán limita-lo número de representacións que poida ter un mesmo mutualista na asemblea xeral, que non poderán exceder do 5 por cento do número total de mutualistas, cun límite máximo de 50.

h) Malia o establecido no parágrafo anterior, os estatutos das mutualidades de previsión social o ámbito das cales sexa superior a unha provincia poderán prever que a celebración da asemblea xeral vaia precedida de asembleas previas, nas que serán elixidos os representantes dos mutualistas na asemblea xeral, na forma e número que, con respecto ó principio de participación efectiva dos mutualistas no goberno da mutualidade, determinen os estatutos de cada mutualidade.

O funcionamento das asembleas previas rexeráse polo disposto no presente artigo, debendo darse a coñecer nelas, en todo caso, os acordos dos que a aprobación se vaia propoñer na asemblea xeral e aprobaranse as instrucións xerais que se consideren oportunas sobre a actuación dos delegados ou compromisarios nesta. Cando se celebren asembleas previas, o disposto no primeiro parágrafo do parágrafo d) e no parágrafo g) do presente artigo non será de aplicación á asemblea xeral.

CAPÍTULO III

Da xunta directiva

Artigo 39. *A xunta directiva: composición e facultades.*

1. A xunta directiva constará do número de membros que determine cada estatuto. No seu seo designarase, polo menos, presidente e secretario, salvo que os estatutos prevegan a súa designación pola asemblea xeral.

2. Os membros da xunta directiva terán que ser mutualistas; non obstante, en caso de existir entidades ou persoas protectoras, os estatutos sociais poderán determinar que os protectores ou os seus representantes formen parte da xunta directiva. A participación do protector na xunta directiva en ningún caso poderá supoñer control efectivo deste órgano societario.

Correspóndenlle á xunta directiva cantas facultades de representación, disposición e xestión non estean reservadas pola lei, este regulamento ou os estatutos á asemblea xeral ou a outros órganos sociais e, en concreto, as seguintes:

- Fixa-las directrices xerais de actuación na xestión da sociedade.
- Nomea-los cargos de dirección da entidade ós que se refire o artigo 40.1.a) da lei.
- Exerce-lo control permanente e directo da xestión dos cargos de dirección.
- Presentarlle á asemblea xeral as contas anuais, o informe de xestión e a proposta de aplicación do resultado.

Artigo 40. *Limitacións na xestión.*

Está prohibido ós cargos de administración e dirección adquirir ou conservar un interese ou realizar unha actividade que xere conflito de intereses coa mutualidade.

Artigo 41. *Requisitos e réxime de funcionamento.*

1. Os membros da xunta directiva deberán reuni-las condicións de honorabilidade e cualificación ou experiencia profesionais esixibles ós administradores, previstas no artigo 15 da lei.

2. No non previsto expresamente nos artigos precedentes, o réxime de funcionamento da xunta directiva axustarase, subsidiariamente, ó do consello de administración das sociedades anónimas, coas seguintes especialidades:

a) Non serán de aplicación as normas contidas nos artigos 132.2, 137 e 138 da Lei de sociedades anónimas.

b) Os estatutos sociais de cada mutualidade de previsión social establecerán o réxime de elección dos membros da xunta directiva. Poderán prever a renovación parcial periódica da xunta de maneira proporcional atendendo ó número dos seus membros e á duración do seu mandato estatutariamente fixada.

c) Poderán ser convocados e asistir, con voz pero sen voto, ás reunións das xuntas directivas as persoas que o presidente ou, en caso de oposición, a maioría dos membros da xunta directiva considere que deben concorrer co obxecto de coñecer-lo seu criterio ou informar sobre os asuntos que vaian tratar.

Artigo 42. *Gastos de administración.*

1. Os gastos de administración que se prevegan para o funcionamento da entidade deberán figurar no programa de actividades que ten que presentar no Ministerio de Economía e non poderán superar como máximo a maior das dúas cantidades seguintes:

- O 15 por cento do importe medio das cotas e derramas devengadas no último trienio.
- O 2,6 por cento anual do importe das provisións técnicas.

Emporiso, con carácter excepcional e transitorio, cando se trate dunha mutualidade de previsión social de nova creación ou por cambios fundamentais da súa estrutura, debidamente xustificadas na correspondente memoria explicativa, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá autorizar unha porcentaxe de gastos superior a petición da mutualidade. Para estes efectos, considéranse gastos de administración os importes incluídos nos subgrupos 62, 64, e 68 segundo o disposto no plan de contabilidade das entidades aseguradoras.

2. Os estatutos sociais poderán fixa-la remuneración que lles corresponda a eles pola súa xestión. Esta remuneración formará parte dos gastos de administración.

CAPÍTULO IV

Da comisión de control financeiro

Artigo 43. *Comisión de control financeiro.*

1. A comisión de control financeiro será órgano social de carácter necesario para aquelas mutualidades

de previsión social que por disposición normativa non estean obrigadas a somete-las súas contas anuais a auditoría de contas. Para as mutualidades de previsión social que se sometan a auditoría de contas, estean ou non obrigadas legalmente a iso, a comisión de control financeiro será órgano social de carácter facultativo.

2. A comisión de control financeiro estará formada por tres mutualistas que non formen parte da xunta directiva, elixidos pola asemblea xeral.

3. O réxime de funcionamento da comisión de control financeiro axustarase ó seguinte:

a) Reunirase, polo menos, unha vez ó ano para comprobar a situación financeira e patrimonial da mutualidade de previsión social, redactando un informe escrito co obxecto da súa presentación á asemblea xeral ordinaria.

b) Os restantes aspectos do seu funcionamento, o sistema de elección dos membros, así como a duración do seu cargo e, se é o caso, reelección, fixaranse nos estatutos sociais.

TÍTULO V

Competencias de supervisión

CAPÍTULO I

Supervisión

Artigo 44. *Mutualidades que superen o territorio dunha comunidade autónoma.*

1. Estarán baixo a competencia exclusiva da Administración xeral do Estado aquelas mutualidades de previsión social as actividades das cales superen o territorio dunha comunidade autónoma.

2. Entenderase que as actividades dunha mutualidade de previsión social superan o territorio dunha comunidade autónoma cando así poida determinarse de acordo cos criterios de domicilio social, ámbito de operacións e de localización de riscos no caso dos seguros distintos do de vida, e asunción de compromisos no suposto dos seguros de vida, segundo o previsto no artigo 69.2 da Lei 30/1995.

Artigo 45. *Autorización administrativa e revogación.*

1. As competencias da Administración xeral do Estado en materia de mutualidades de previsión social serán exercidas polo Ministerio de Economía.

2. Cando se trate de comunidades autónomas que consonte os seus estatutos de autonomía asumisen competencias exclusivas en materia de mutualidades de previsión social, a autorización e revogación corresponderalles a elas, logo de informe da Administración xeral do Estado en ámbolos casos, de conformidade co previsto no artigo 69.2.b) da lei.

Artigo 46. *Alto control económico-financeiro do Estado e colaboración entre administracións.*

1. En tódolos supostos en que as comunidades autónomas asumisen competencias en materia de mutualidades de previsión social, remitirán, cando sexa solicitada polo Ministerio de Economía e, en todo caso, anualmente, a información e documentación de cada entidade a que se refiren os artigos 71.4 e 21.4 da lei, para efectos de homoxeneiza-la información docu-

mental e coordinar, se é o caso, as actividades de ordenación e supervisión de ámbalas administracións.

2. De acordo co disposto no artigo 69.3 da lei, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións colaborará cos órganos correspondentes das comunidades autónomas na coordinación das actividades de ordenación e supervisión de ámbalas administracións, en particular, cando se modifique o ámbito territorial dunha mutualidade de previsión social e en relación coas operacións previstas no artigo 29 deste regulamento, cando afecten mutualidades de previsión social que dependan da Administración xeral do Estado e dunha comunidade autónoma, respectivamente, ou de dúas ou máis comunidades autónomas diferentes.

CAPÍTULO II

Supervisión da Administración xeral do Estado

Artigo 47. *Rexistro administrativo.*

1. No rexistro administrativo de entidades aseguradoras previsto no artigo 74 da lei, no libro dedicado ás mutualidades de previsión social, inscribíranse a autorización inicial, a ampliación das autorizacións, a ampliación de prestacións con indicación dos ramos autorizados, as prestacións sociais autorizadas, os cambios de denominación ou de domicilio social, o aumento ou redución do fondo mutual e outras modificacións estatutarias, as participacións significativas, a cesión de carteira, a fusión, transformación, escisión, agrupacións de interese económico e unións temporais de empresas, a revogación da autorización administrativa e a súa rehabilitación, o acordo de disolución, o nomeamento e cesamento de liquidadores, o domicilio da oficina liquidadora, a intervención na liquidación, a extinción e a cancelación da autorización para operar, así como as sancións que, se é o caso, se impuxesen, agás a de amoestación privada.

2. No rexistro administrativo dos altos cargos de entidades aseguradoras e reaseguradoras, no libro dedicado ás mutualidades de previsión social, estas entidades deberán solicita-la inscrición dos membros da xunta directiva, os directores xerais ou asimilados e os que baixo calquera outro título leven a dirección efectiva da entidade.

Son actos inscribíbles neste libro o nomeamento, cesamento por calquera causa, a suspensión, revogación e a inhabilitación, así como as sancións que, se é o caso, se lles impuxesen, salvo a de amoestación privada.

3. Cando o asento no rexistro sexa motivado por acordos da Administración, servirá de base o acto administrativo correspondente. Cando proceda de actos das entidades, estas deberán solicita-la inscrición dos acordos correspondentes dentro dos dez días seguintes á data en que se adoptasen; para este efecto remitirase certificación dos órganos sociais correspondentes.

Cando sexa esixible de acordo coa lexislación aplicable, presentarase a escritura pública correspondente, así como xustificación da súa inscrición no Rexistro Mercantil no prazo dun mes desde a súa inscrición no dito rexistro.

4. A cancelación da inscrición das sancións e a inscrición das medidas de control especial axustarase ó disposto nos artigos 126 e 127 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Artigo 48. *Da inspección.*

Consonte o disposto no artigo 72 da lei, a inspección de mutualidades de previsión social que estean baixo

a competencia da Administración xeral do Estado correspóndelle ó Ministerio de Economía, a través dos funcionarios do corpo superior de inspectores de seguros do Estado que presten os seus servicios na Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, de acordo co establecido nos artigos 112 a 119 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Artigo 49. *Medidas de control especial e réxime de infraccións e sancións.*

Será aplicable ás mutualidades de previsión social tanto o réxime de medidas de control especial como o réxime sancionador previsto na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, así como no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado por Real decreto 2486/98, do 20 de novembro.

Artigo 50. *Revogación, disolución e liquidación.*

1. Tamén será de aplicación ás mutualidades de previsión social o réxime previsto na lei e no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados en todo o relativo á revogación da autorización administrativa, a disolución e a liquidación da entidade.

2. Cando unha mutualidade de previsión social incorra na causa de revogación da autorización prevista nos artigos 25.1.b) da Lei e 81.1.4.ª) do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, entenderanse equiparadas ó ramo de vida a totalidade das continxencias contempladas no artigo 15.1.a) deste regulamento. Polo contrario, cada unha das operacións de seguro comprendidas no artigo 15.1.b) e c) e no artigo 16.1 deste regulamento entenderase que constitúe un ramo de seguro diferenciado.

Disposición adicional primeira. *Remisión normativa.*

1. Ás mutualidades de previsión social seralles de aplicación o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados e a súa normativa de desenvolvemento en todo aquilo que non se opoña ó presente regulamento.

2. Para efectos do disposto no artigo 11.1, parágrafos b) e e), deste regulamento, aplicarase o cuestionario previsto no anexo da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 23 de decembro de 1998, debendo entenderse as referencias feitas nela ó ministro de Economía.

Disposición adicional segunda. *Réxime das coberturas.*

As mutualidades de previsión social autorizadas á entrada en vigor deste regulamento poderán unicamente cubri-las continxencias e operacións de seguro que teñan expresamente recollidas nos seus estatutos.

A cobertura de novas continxencias ou operacións de seguro terá a consideración de ampliación de actividade nos termos establecidos no artigo 13 deste regulamento.

Disposición adicional terceira. *Réxime das mutualidades de previsión social que instrumenten compromisos por pensións das empresas cos traballadores.*

Ás mutualidades de previsión social que instrumenten compromisos por pensións das empresas cos traballadores seralles de aplicación o disposto neste regulamen-

to e no Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios e a súa normativa de desenvolvemento.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación ó réxime de capitalización individual.*

Establécese un prazo máximo de dez anos para que as mutualidades de previsión social realicen o transvasamento do réxime de capitalización colectiva ó de capitalización individual presentando, para tal efecto, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor deste regulamento un plan que recolla o conxunto de hipóteses económico actuariais adecuadas para efectuar tal transvasamento.

Ata o cumprimento do proceso de eliminación do réxime de capitalización colectiva e no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste regulamento, as mutualidades asignarán con suficiente separación financeira e contable os activos que corresponden ás novas incorporacións de mutualistas ás que se aplicará o réxime de capitalización individual, quedando de todo o anterior constancia no libro de investimentos.

Disposición transitoria segunda. *Garantías financeiras.*

As mutualidades disporán dun prazo máximo de dez anos para alcanza-lo importe de garantías financeiras derivadas do establecido neste regulamento. Para tal efecto, deberase presentar un plan de adaptación no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste regulamento para establece-las medidas que se vaian adoptar que determinarán os importes que se constitúan en cada exercicio e as fontes de financiamento para cubri-las diferencias que resulten das novas esixencias para a marxe de solvencia. En calquera caso, para determina-los importes que se vaian constituír en cada exercicio utilizaranse métodos sistemáticos lineais ou crecentes.

Disposición transitoria terceira. *Gastos de administración.*

As mutualidades de previsión social que á entrada en vigor deste regulamento contén cuns gastos de administración superiores ó previsto no artigo 42.1 deste regulamento disporán do prazo dun ano para adaptarse ós límites máximos previstos no referido artigo.

Disposición transitoria cuarta. *Federacións de mutualidades de previsión social.*

As federacións de mutualidades de previsión social que o día 10 de novembro de 1995 viñesen realizando actividade reaseguradora deberán adaptarse no prazo dun ano a partir da entrada en vigor deste regulamento ós requisitos establecidos nos artigos 57 e 58 da lei, para as entidades reaseguradoras. Non obstante, tendo en conta o disposto no parágrafo seguinte, a contía de fondo mutual será de 800.000 euros.

Estas federacións poderán de acordo cos seus estatutos reasegurar exclusivamente os riscos que, de acordo co artigo 65 da Lei e 15 e 16 deste regulamento, poidan asumir as entidades federadas.

Disposición transitoria quinta. *Estatutos sociais.*

As mutualidades de previsión social disporán dun prazo máximo dun ano, desde a entrada en vigor desta

norma, para adapta-los seus estatutos sociais ó disposto neste regulamento.

Disposición derradeira primeira. *Normativa básica.*

1. Conforme o establecido na disposición derradeira primeira, punto 1, parágrafo a), da Lei 30/1995, do 8 de novembro, as disposicións contidas no regulamento aprobado por este real decreto teñen a consideración de bases da ordenación dos seguros, excepto os seguintes preceptos ou puntos deles: artigo 5, puntos 2 e 3; artigo 6, último inciso do punto 3; artigo 8, inciso final do punto 2; artigo 14, parágrafo e) do punto 1; artigo 29 puntos 2 e 3; artigos 34 a 39; artigos 41 punto 2, 43, 47 e 48. En todo caso, as remisións a preceptos legais ou regulamentarios non básicos contidas en preceptos básicos non implicarán outorgarlles ós primeiros o carácter destes últimos.

2. O disposto no punto anterior enténdese sen prexuízo das remisións ás disposicións declaradas de competencia exclusiva do Estado polo punto 2 da disposición derradeira primeira da lei ou á normativa de desenvolvemento das ditas disposicións.

3. Nos termos do artigo 69.2. a) e b) da lei, e coas excepcións que nelas se establecen, enténdense feitas ó órgano autonómico competente as referencias que neste regulamento se conteñen ó Ministerio de Economía e á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Economía, por proposta da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e logo de informe da Xunta Consultiva de Seguros, para realiza-lo desenvolvemento normativo das disposicións contidas no Regulamento de mutualidades de previsión social, en canto sexa necesario para a mellor execución e desenvolvemento del.

Dado en Madrid, o 27 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
para Asuntos Económicos
e ministro de Economía,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

1412 REAL DECRETO 1437/2002, do 27 de decembro, polo que se adecúan as cisternas de gasolina ó Real decreto 2102/1996, do 20 de setembro, sobre control de emisións de compostos orgánicos volátiles (C.O.V.). («BOE» 20, do 23-1-2003.)

O Real decreto 2102/1996, do 20 de setembro, regulou o control de emisións de compostos orgánicos volátiles (C.O.V.), resultantes do almacenamento e distribución de gasolina desde unha terminal a outra ou dunha terminal a unha estación de servizo.

Por outro lado, a aplicación da Orde do 16 de outubro de 1996 ás novas cisternas fabricadas desde o 5 de maio de 1997 foi positiva na regulación do transporte

de gasolina para a retención dos vapores volátiles das gasolinas nos depósitos.

O proceso de descarga das cisternas nas estacións de servizo observouse que comporta riscos de fuga de vapores. O mesmo ocorre no caso dos vagóns cisternas cando descarguen en terminais de distribución que non teñan recuperación de vapores.

Estas circunstancias requiren a adopción de medidas técnicas para as cisternas existentes en circulación, en canto a que foron construídas con anterioridade ó 5 de maio de 1997, e esixi-lo cumprimento do artigo 5 en relación co anexo IV do Real decreto 2102/1996 ás cisternas modificadas ou que se modifiquen nun futuro, para a carga polo fondo.

A presente disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se aplican as disposicións da Directiva 98/34/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998.

Este real decreto dítase ó abeiro das competencias exclusivas estatais en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e tráfico e circulación de vehículos de motor establecidas polos artigos 149.1.13.^a e 21.^a da Constitución española.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2002,

DISPÕÑO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto é aplicable ás cisternas existentes (vehículos cisternas e vagóns cisternas, contedores cisternas ou caixas móbiles cisternas) para o transporte de gasolina adaptados para a carga polo fondo ou que se modifiquen para a carga polo fondo e que foron construídos con anterioridade ó 5 de maio de 1997.

2. Non poderá realizarse ningún transporte de gasolina en cisternas ou vagóns cisterna, contedores cisterna ou caixas móbiles que non se adecúen ó establecido neste real decreto.

Artigo 2. *Recoñecemento de normas técnicas equivalentes.*

Os vehículos cisternas e vagóns cisternas, contedores cisternas ou caixas móbiles cisternas para o transporte de gasolina procedentes de estados pertencentes ó espazo económico europeo poderán cumprilas normas establecidas neste real decreto ou outras normas técnicas equivalentes.

Artigo 3. *Requisitos que deben cumprilos vehículos cisterna de estrada para o transporte de gasolina.*

Os requisitos que deben cumprilos vehículos cisternas de estrada para o transporte de gasolina serán os que se especifican no anexo 1 deste real decreto.

Artigo 4. *Requisitos que deben cumprilos contedores cisternas ou caixas móbiles cisternas que transporten gasolina.*

Serán de aplicación ós contedores cisternas ou caixas móbiles cisternas que transporten gasolina as disposi-